

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.^a, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 15.11.2017 Hora: 10:30

A Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 15 de novembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas

- 1 14436 (10/POC-002684)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a evolución do número de persoas activas e da taxa de actividade en Galicia nos últimos anos, así como o seu impacto na economía
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017

- 2 17357 (10/POC-002953)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre as razóns da demora e as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción do novo Centro de Saúde do Pereiro de Aguiar, así como o calendario de inicio, execución e remate das obras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017

- 3 18312 (10/POC-003047)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre o pechamento de camas e a derivación de doentes á sanidade privada durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas, a súa incidencia no eido asistencial, así como os criterios seguidos e os datos ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 192, do 13.10.2017

- 4 18646 (10/POC-003087)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Sanidade para axudar a resolver o problema de desabastecemento do fármaco Trangorex en Galicia e a súa opinión ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 194, do 17.10.2017

- 5 19090 (10/POC-003143)
 Grupo Parlamentario de En Marea
 Solla Fernández, Eva
 Sobre as razóns da situación en que se atopa a reparación das deficiencias existentes en materia de atención sanitaria en Ribadavia e o seu contorno, así como as previsións do Goberno galego respecto da consignación e execución dunha partida orzamentaria suficiente para ese fin e o prazo estimado ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 199, do 24.10.2017
- 6 19407 (10/POC-003186)
 Grupo Parlamentario de En Marea
 Vázquez Verao, Paula
 Sobre as razóns existentes para non publicar dende o ano 2012 a memoria de actividades da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (Funga), o procedemento seguido para a cobertura das funcións e responsabilidades do posto vacante de director xerente e a valoración do Goberno galego en relación coa eficacia desa fundación, así como a súa opinión referida á suficiencia da súa dotación de persoal actual e as previsións ao respecto para o ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 204, do 02.11.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2017

"
 "
 "
 "

.....O ctvc'O ct'c'Tqf t'f| wgl /Xkur q'Tqf t'f| wgl
Rt gulf gpc'f c'Ego kulop

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 15.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 15.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 14436(10/POC-002684)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a evolución do número de persoas activas e da taxa de actividade en Galicia nos últimos anos, así como o seu impacto na economía

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 11:50
Nº Rexistro: 14436
Data envío: 22/08/2017 11:50:36.996

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á evolución das persoas activas, a taxa de actividade e o seu impacto na evolución da economía galega

No mercado laboral de Galiza, un dos factores que historicamente ten lastrado o seu desenvolvemento é unha baixa taxa de actividade, que na actualidade sitúase case 6 puntos por baixo da estatal. Lonxe de converxer, durante o goberno de Núñez Feixóo esta taxa diminuíu a maior intensidade do que o fixo no conxunto do Estado, o mesmo que sucedeu coas persoas activas.

Seguindo á Enquisa de Poboación Activa (EPA), no primeiro trimestre do 2009 a taxa de actividade situábase no 55,3% e durante o goberno de Núñez Feixóo ven rexistrando un continuo descenso. Mesmo nos dous últimos anos, a pesares de estarmos actualmente nunha fase de crecemento económico e de algún indicador positivo no mercado de traballo, esta taxa descendeu dende o cuarto trimestre do 2014 ao mesmo período do 2016, pasando do 54,5% ao 54,4%. A pesares de que no último ano a taxa incrementouse moi levemente nunha décima, non ocorreu o mesmo coa poboación activa, que segue a descender. Se no último trimestre de 2015 existían 1.255.200 persoas activas no noso país, un ano despois esta cifra reduciuse a 1.253.800 persoas activas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 11:50
Nº Rexistro: 14436

Data envío: 22/08/2017 11:50:36.996

Estes datos amósannos como nun período con crecemento do PIB e mesmo con leve recuperación do emprego, non ocorre o mesmo coa actividade, evidencian un comportamento particularmente negativo do noso mercado laboral durante a etapa de Feixóo e seguen a apuntar á baixa taxa de actividade como unha das grandes problemáticas do mundo do traballo en Galiza.

Xa que logo, persiste e agudízase un trazo que amosa ás claras a debilidade do noso mercado de traballo e que a Xunta de Galiza prevé que continúe no 2017, xa que no Informe Económico Financeiro dos orzamentos aprobados para o presente ano recoñecen que no presente ano diminuírá a poboación activa: “por último, a taxa de paro situarase no 15,6% en 2017 (...), un descenso da poboación activa xunto cun incremento do emprego do 1,6% levaríanos a esa taxa”. Xa que logo, que se contemple o descenso a poboación activa nun contexto de crecemento do PIB indícanos a fraxilidade deste crecemento e a profundidade da crise e as súas consecuencias.

Por todas estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Como valora o goberno galego a caída de persoas activas e da taxa de actividade en Galiza durante o período de goberno de Núñez Feixóo?

-A que cree que son debidas as citadas caídas de persoas activas da taxa de actividade en Galiza durante o período de goberno de Núñez Feixóo?

-Como valora o goberno galego que nos últimos doce meses con datos dispoñíbeis en Galiza descendesen as persoas activas?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 11:50
Nº Rexistro: 14436
Data envío: 22/08/2017 11:50:36.996

-Considera a Xunta de Galiza un feito positivo que parte da redución da taxa de desemprego se deba á redución da poboación activa?

-Que medidas ten previsto poñer en marcha para reverter esta situación?

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2017 11:50:05

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2017 11:50:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/08/2017 11:50:11

Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2017 11:50:13



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 11:50
Nº Rexistro: 14436
Data envío: 22/08/2017 11:50:36.996

Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2017 11:50:15

Xosé Luis Bará Torres na data 22/08/2017 11:50:16

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 15.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 17357(10/POC-002953)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as razóns da demora e as previsións da Xunta de Galicia respecto da construción do novo Centro de Saúde do Pereiro de Aguiar, así como o calendario de inicio, execución e remate das obras

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O concello de Pereiro de Aguiar (Ourense), con máis de 6.500 veciños e veciñas, que se incrementan ata os 8.000 durante os meses de maio a outubro, é un municipio rural cuxa proximidade á cidade fai que nos derradeiros anos estea en continuo crecemento, e que non segue polo tanto a dinámica de despoboamento nin de altas taxas de envellecemento que sofren a maioría dos concellos rurais da provincia de Ourense.

Os veciños e veciñas deste municipio levan esperando a construción do novo centro de saúde, así como manifestándose reclamando melloras sanitarias, dende o ano 2006. O actual atópase nunha situación deplorable por falta de espazo, ao ocupar este unha pequena parte dentro do edificio da Casa Consistorial, que impide a implantación de novas especialidades médicas necesarias (pediatría, odontoloxía ou fisioterapia), ademais de amosar graves eivas de accesibilidade xa que non dispón de ascensor, o que impide aos doentes con problemas de mobilidade acudir ás consultas na primeira planta.

O 17 de maio do ano 2016 o presidente da Xunta de Galicia anunciaba a próxima licitación da construción do novo centro de saúde de Pereiro de Aguiar, ao incluírse dentro do segundo paquete de medidas, cun investimento de 60 millóns extra, que segundo afirmaba podía desembolsar ese ano tras incrementar o Goberno central o teito de déficit para o 2016, co fin de axilizar a posta en marcha de 23 centros de saúde en toda Galicia.

O 1 de xullo dese mesmo ano asinábase un convenio entre o Sergas e o Concello do Pereiro de Aguiar, no que se recollía o compromiso de ambas partes para colaborar na construción desta nova infraestrutura sanitaria. A institución municipal comprometíase a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos necesarios a fin de poñer a disposición da Consellería de Sanidade unha parcela libre de cargas e gravames, cunha



superficie de 2.323 metros cadrados, coa clasificación de uso sanitario. Este asumiría ademais, segundo anunciaba o propio alcalde, todos os gastos necesarios para dotar á parcela para a ampliación do centro coas infraestruturas necesarias, tales como accesos rodados e peonís, abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica e outros servizos. Pola súa banda o Sergas comprometéase á elaboración e de ser o caso, á supervisión, e á aprobación do proxecto técnico así como a contratar, dirixir e executar as obras de ampliación, con cargo aos seus orzamentos.

O Concello cedeu o terreo para a situación desta infraestrutura, e o proxecto figuraba nas memorias de orzamentos do Sergas do 2016 e tamén deste ano, a pesares do cal as obras aínda non comezaron.

Os anuncios por parte do PP da construción do centro de saúde de Pereiro de Aguiar, fixéronse sempre meses antes das eleccións autonómicas e municipais, transformando unha vez pasadas as citas electorais o compromiso adquirido cos veciños e veciñas deste concello, nun novo engano.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia a construción dun novo centro de saúde no concello de Pereiro de Aguiar?
2. A pesares de que o Concello cedeu o terreo para a construción desta infraestrutura, e de que figura na memoria de orzamentos do pasado ano, por que non deron comezo as obras?
3. Cal é o calendario que ten previsto a Xunta de Galicia para o inicio, execución, e remate das obras do centro de saúde de Pereiro de Aguiar?

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 12:19
Nº Rexistro: 17357
Data envío: 25/09/2017 12:19:40.029



 Grupo Parlamentario

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 25/09/2017 12:15:56

Raúl Fernández Fernández na data 25/09/2017 12:16:01

Julio Torrado Quintela na data 25/09/2017 12:16:06

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 15.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 18312(10/POC-003047)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o pechamento de camas e a derivación de doentes á sanidade privada durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas, a súa incidencia no eido asistencial, así como os criterios seguidos e os datos ao respecto

Publicación da iniciativa, 192, 13.10.2017



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 18:07
Nº Rexistro: 18312
Data envío: 05/10/2017 18:07:31.231

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao peche de camas hospitalarias.

A Xunta do Partido Popular persiste na súa política de peche de camas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza.

O peche de camas ten moi graves consecuencias tanto no eido asistencial como no eido laboral.

No eido asistencial esta decisión significa unha maior dificultade ao acceso ás prestacións sanitarias por parte da poboación galega, aumento das listas de espera, saturación dos servizos de urxencias e unha moi importante repercusión na presión sobre @s profesionais sanitari@s para reducir o número de ingresos e rebaixar as estancias hospitalarias así como no emprego do sector sanitario. A conclusión final é máis derivacións de doentes a centros hospitalarios privados.

No eido laboral significa o aumento do desemprego do persoal sanitario, porque estas camas pechadas inciden tamén no desmantelamento do emprego público, impedindo o acceso ao emprego d@s miles de traballador@s que están inscritos nas listas de contratación.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 18:07
Nº Rexistro: 18312
Data envío: 05/10/2017 18:07:31.231

Máis unha vez a Consellaría de Sanidade prioriza os recortes na vez das necesidades de asistencia sanitaria d@s galeg@s, a precarización fronte á calidade asistencial.

O Bloque Nacionalista Galego considera indecente realizar o peche de camas cando hai miles de galegos e galegas en listas de espera, profesionais nas listas de contratación, e cando se privatizan continuamente servizos e se derivan sistematicamente doentes á sanidade privada.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para a súa contestación oral en comisión:

1. Considera o Goberno galego que defende a sanidade pública de Galiza pechando camas, mentres privatiza servizos e deriva doentes sistematicamente á sanidade privada?

2. Vai seguir derivando doentes á sanidade privada mentres ten pechado camas na sanidade pública?

3. Ten avaliado o Goberno galego a repercusión do peche de camas nas xa moi abultadas listas de espera do Sergas?

4. Como está a afectar este peche tan importante de camas nos servizos de urxencias?

5. Cales son as especialidades que máis afectadas por esta medida?

6. Cales son os servizos, en cada hospital, nos que se manteñen camas pechadas e cales foron os criterios para tomar a decisión?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 18:07
Nº Rexistro: 18312
Data envío: 05/10/2017 18:07:31.231

7. Cal é o aforro previsto con esta medida?

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/10/2017 18:04:22

Ana Pontón Mondelo na data 05/10/2017 18:04:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/10/2017 18:04:28

Olalla Rodil Fernández na data 05/10/2017 18:04:29

Noa Presas Bergantiños na data 05/10/2017 18:04:31



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2017 18:07
Nº Rexistro: 18312
Data envío: 05/10/2017 18:07:31.231

Xosé Luis Bará Torres na data 05/10/2017 18:04:33

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 15.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 18646(10/POC-003087)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Sanidade para axudar a resolver o problema de desabastecemento do fármaco Trangorex en Galicia e a súa opinión ao respecto

Publicación da iniciativa, 194, 17.10.2017



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Recentemente foi coñecido que o medicamento Trangorex, un medicamento moi utilizado para combater diversas afeccións cardíacas, estaba practicamente esgotado en Galicia e moitas persoas afectadas acudían a Portugal para poder adquirilo para continuar os seus tratamentos (“Enfermos de corazón teñen que acudir a Portugal na procura dun fármaco esgotado en Galicia”. Galicia Confidencial, 27 de setembro de 2017).

As farmacias apuntan que non reciben explicacións dos problemas de subministro, nin respostas ante as dúbidas de cando se resolverá e reporán as necesidades. As persoas doentes, neste tempo, teñen moitas dificultades para poder ter acceso ao seu medicamento, coa inquedaanza de non saber que pode ocorrer.

A Consellería de Sanidade admite non ter respostas, e limita a súa acción a trasladar o problema á responsabilidade da Axencia Europea do Medicamento, sen que se coñeza ningunha acción a maiores da notificación e a espera.

Este desabastecemento se acumula a outros que, con anterioridade, se teñen dado en medicamentos de uso habitual para o combate a diversas doenzas e problemas médicos, como pode ser o Bexsero como medicamento contra a meninxite B. O control do abastecemento dos medicamentos supón un problema para a cidadanía que sofre os erros e desleixo de funcións da administración, que os somete na incerteza e dificultade de non saber a que aterse e como tratar as súas doenzas.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 10:48
Nº Rexistro: 18646
Data envío: 11/10/2017 10:48:50.452



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que accións levou a cabo a Consellería de Sanidade para axudar a resolver o problema de desabastecemento de Trangorex?
2. Ten algunha novidade a Consellería de Sanidade sobre os problemas de desabastecemento de Trangorex?
3. Considera a Consellería de Sanidade aceptable o desabastecemento de medicamentos?
4. Considera que é un problema inaccesible para a súa solución por parte da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 11 de outubro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 11/10/2017 10:38:02

Noela Blanco Rodríguez na data 11/10/2017 10:38:09

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 15.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 19090(10/POC-003143)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as razóns da situación en que se atopa a reparación das deficiencias existentes en materia de atención sanitaria en Ribadavia e o seu contorno, así como as previsións do Goberno galego respecto da consignación e execución dunha partida orzamentaria suficiente para ese fin e o prazo estimado ao respecto

Publicación da iniciativa, 199, 24.10.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**.

No ano 2009, coa entrada do Partido Popular, abandonouse o Plan de Mellora da Atención Primaria, decenas de centros de saúde prometidos ficaron esquecidos. Sen embargo, o Goberno mantivo a promesa de construción sobre algúns deles.

No caso do Centro de Saúde de Ribadavia, na provincia de Ourense, chegaronse a facer xestións tanto por parte do Goberno local como da Xunta de Galicia. O certo é que a día de hoxe o centro de saúde segue sen facerse e as diferentes Administracións bótanse a culpa sen atopar ningún tipo de solución.

Esta situación provoca que o centro de saúde actual siga deteriorándose e con elo o dereito á atención sanitaria das veciñas e veciños da zona, por iso é necesario dar unha solución urxente ás deficiencias de centro, como por exemplo:

- Establecer a atención sanitaria urxente de pediatría aos nenos e nenas dos municipios da comarca do Ribeiro no Punto de Atención Continuada (PAC) de Ribadavia.
- Mellora do servizo de ambulancia de urxencia, xa que na actualidade só existe unha única ambulancia de garda, dándose situacións nas que ten que vir a unha intervención a Ribadavia ou a o Ribeiro unha ambulancia desde Ourense, por atoparse a nosa ocupada en servizo.



- Mellora dos accesos peonís, salvando as barreiras arquitectónicas, que impiden ou dificultan o acceso ao centro de saúde desde a rúa da Veronza, e mellorando a de acceso dende a Rúa do Carballiño.
- Mellora do acceso de vehículos, retirando valados e aumentando a entrada nos accesos desde a rúa do Carballiño. Crear un acceso/ saída do aparcadoiro desde a rúa Veronza.
- Mellora de mantemento do edificio actual que alberga o Centro de Saúde de Ribadavia, mentres non se execute o novo centro. Exterior e interior, así como as instalacións en xeral.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Cal é o motivo de que a Xunta de Galicia non teña atopado ningún tipo de solución ás deficiencias sanitarias de Ribadavia e a súa contorna?
- Ten pensado o Goberno incluír e executar unha partida orzamentaria suficiente para solucionar ditas deficiencias?
- En que prazo ten pensado solucionarlas?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 13:55
Nº Rexistro: 19090
Data envío: 19/10/2017 13:55:09.166

Eva Solla Fernández na data 19/10/2017 13:54:02

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 15.11.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 19407(10/POC-003186)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre as razóns existentes para non publicar dende o ano 2012 a memoria de actividades da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (Funga), o procedemento seguido para a cobertura das funcións e responsabilidades do posto vacante de director xerente e a valoración do Goberno galego en relación coa eficacia desa fundación, así como a súa opinión referida á suficiencia da súa dotación de persoal actual e as previsións ao respecto para o ano 2018

Publicación da iniciativa, 204, 02.11.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.ª**.

A Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, FUNGA, é unha fundación destinada ao impulso da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia. Constituída en 1996, é unha entidade sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, declarada de interese galego, encargada de prestar unha “atención persoal, xurídica e patrimonial especializada ás persoas maiores de idade coa capacidade de obrar modificada xudicialmente ou incursas nun procedemento sobre a capacidade das persoas e das que os órganos xudiciais atribuían á Xunta de Galicia o desempeño dos diversos cargos protectores.”

Na Memoria dos Orzamentos da Xunta de 2018, no apartado referido á FUNGA, sinalase que “o número de beneficiarios/as dos servizos prestados pola Fundación non deixaron de medrar dende a súa creación no ano 1.996, pasando dos 69 cos que se finalizou o ano 1.997 aos 3.249 cos que se traballou no ano 2.016. A previsión actual é que tal tendencia se manteña nos vindeiros anos en base ao progresivo envellecemento da poboación galega así como ao incremento nos últimos tempos do número de persoas beneficiarias, cada vez máis novas, diagnosticadas con trastornos mentais. Todo isto subliñado polo desarraigo familiar existente na nosa sociedade en relación con estes sectores da poboación, motivado en moitos casos polas dificultades que lles entraña ás familias a atención das persoas con este tipo de padecementos”.



O número de persoas atendidas por esta Fundación e a previsión de aumento non se corresponde co volume de persoal nin coas previsións orzamentarias.

A FUNGA tiña 23 traballadores e traballadoras en 2017 para supervisar a máis de tres mil persoas –non se sinala o número actual de persoas atendidas-, o que manifestamente impide prestar unha atención personalizada. En 2014, contaba con 22 traballadores e traballadoras; 16 en 2015; 20 en 2016.

En canto ás previsións orzamentarias, a Xunta prevé para 2018 1.029.142,82 €, dos cales 838.802,54 € serían para gastos de persoal.

Nos últimos anos, son varias as sentenzas xudiciais nas que se evidencia que as persoas tuteladas por dita fundación cometen delitos ou son vítimas dos mesmos.

Ademais, a fundación foi condenada por contratar ou despedir de xeito irregular a traballadores e traballadoras.

Por outra parte, a FUNGA carece de Director Xerente dende 2015, cando se convocara un posto de persoal directivo vacante na fundación (director/a xerente) para a súa cobertura, e se aprobaron as bases reguladoras da convocatoria, que quedou deserta.

A FUNGA non achega Memoria de Actividades dende 2012.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2017 13:42
Nº Rexistro: 19407
Data envío: 25/10/2017 13:42:50.902



- Por que non se publican as Memorias das actividades da FUNGA dende 2012?
- Como se cubriron as funcións e responsabilidades do cargo de director xerente que se atopa vacante?
- Que valoración fai a Xunta acerca da eficacia da FUNGA?
- Considera suficiente o persoal da FUNGA?
- Cal é o número actual de persoas tuteladas pola FUNGA?
- Con que persoal contará a FUNGA en 2018?

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 25/10/2017 13:41:32